

MANIFESTO

O 25 de novembro é a data elixida polas Nacións Unidas para conmemorar o Día internacional da eliminación da violencia contra a muller.

É por isto polo que os alumnos e as alumnas de 4º ESO PDC do IES de Carral queremos achegar a nosa solidariedade con este manifesto que titulamos:

“SEN BÁGOAS DE MULLER”



1º Rexeitamos de xeito contundente a violencia de xénero. Cómpre plantarlle cara ao maltrato machista, porque empobrece a nosa sociedade e pode causar morte ou anulación da persoa.

2º Condenamos calquera acto de violencia contra a muller, non admitindo ninguna xustificación e, ao mesmo tempo, manifestamos noxo diante da chamada “*violencia invisible*”, expresada en supostos chistes machistas.

3º Belén, Rosa, Aurora, Estela, Yadira, Alejandra, Mencía e tantas outras vítimas da violencia machista. Indignámonos, estremecémonos e berramos por que?

4º O maltrato, ademais de atentar contra a dignidade e a integridade das persoas, é un delito que a sociedade debe coñecer. E o maltratador debería cumprir, cando menos, cadea perpetua, como perpetuo foi o inferno que lle fixo pasar á súa vítima.

5º Choramos polas asasinadas este ano e todos os anteriores, neste infinito pranto, e tamén polas outras vítimas que viven cada día unha morte silenciosa nos seus fogares, en moitos casos créndose culpables ou xustificando o seu agresor, atrapadas nun amor posesivo e dependente.

6º Non debemos de mirar para outro lado, non ficar impasibles ante este horror. Non é un asunto privado; calquera muller pode ser vítima de malos tratos (físicos, sociais, sexuais, verbais, ...), xa que a violencia non discrimina por idade, profesión, ideoloxía ou nivel cultural. A muller non é escrava de nada nin de ninguén.

7º Queremos espertar as consciencias diante desta grande inxustiza e sufrimento, polo que berramos con todas as nosas forzas

VIOLENCIA MACHISTA, ABONDA XA ESTE ETERNO LOITO!

Carral, 25 de novembro de 2015

Elaborado e asinado polo alumnado de 4º ESO PDC do IES de Carral:

Marta Candal Corral

José Manuel Castro Díaz

Valeria Celemín Hernández

Andrea Cortés Insua

Fátima Insua Solmo

Javier Piñeiro González

Alejandro Roel Barreto

Alejandro Sánchez Rodríguez